

NORMATIVA CAMPIONATO GALEGO XOGADE

CAMPO A TRAVÉS 2019-2020

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia organiza esta competición destinada aos deportistas das Entidades participantes no programa XOGADE clasificadas para a fase autonómica.

NORMATIVA

Art. 1.- Data e lugar. Esta competición levarase a cabo o día **15 de febreiro de 2020** na **Azucareira de Portas**. Ubicación: <https://goo.gl/maps/aQFviN343kjcLZnN9>

Art. 2.- Categorías. A proba está destinada ás seguintes categorías: **alevín** 2009-2010 **infantil** 2007-2008 e **cadete** 2005-2006 nenos e nenas. As carreiras organizáranse por categorías e por sexo.

Art. 3.- Participantes. Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE coa súa entidade e clasificados nas súas respectivas fases provinciais.

Art. 4.- Inscripcións. A inscrición dos/as participantes rematará o día **11/02/2020 as 20:00 h.** e farase a través da plataforma de inscrición da RFEA (<https://isis.rfea.es>), aqueles que non teñan acceso a dita plataforma poderán empregar as follas de inscrición adxuntas enviando o documento Excel ao enderezo electrónico: competicion@atletismo.gal. **Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.** Sobre as follas de inscrición:

- O campo "Licenza" corresponderase co numero de identificador da licenza XOGADE.
- Os campos "Nome", "Apelidos" e "Data Nac." deberán ir cubertos cos datos correspondentes a cada deportista.
- No campo "Categoría" deberase indicar a categoría do rapaz/a coa inicial (Alevín – A; etc.) e o sexo (F para a categoría feminina e M para a masculina) indicando deste modo: AF, AM, IF, IM, CF e/ou CM.
- No campo "Entidade" indicárase o nome do centro ou club.

Art. 5.- Horarios e distancias aproximadas.

Hora	Categoría	Distancia	Percorrido
11:00	Cadete Fem	3000 m.	3 V. Rosa
11:20	Cadete Mas	3000 m.	3 V. Rosa
11:40	Infantil Fem	2500 m.	1 V. Azul + 2 V. Rosa
12:00	Infantil Mas	2500 m.	1 V. Azul + 2 V. Rosa
12:20	Alevín Fem	2000 m.	2 V. Rosa
12:35	Alevín Mas	2000 m.	2 V. Rosa

Art. 6.- Cámara de chamadas. Os/as participantes deberán identificarse en cámara de chamadas 15 minutos antes do inicio da proba, co carnet XOGADE ou DNI.

Art. 7.- Dorsais. Entregaránse o día da proba na secretaría da competición ata 30 minutos antes do comezo de cada proba. Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. En caso contrario serán descalificados.

Art. 8.- Resultados. Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos destes tres/catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Art. 9.- Premios. Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría. Os tres primeiros equipos de cada categoría recibirán un trofeo e medallas para o máximo dos 6 integrantes de cada equipo. A entrega realizarase ao rematar todas as probas.

Art. 10.- Desprazamentos. No caso de precisar autobús, solicitalo cunha antelación mínima de cinco días hábiles anteriores á data da proba dacordo ao procedemento habitual de cada Provincia; sexa comunicando á agrupación deportiva ou ao Servizo Provincial correspondente.

Art. 11.- Outros. Farase entrega dun PICNIC aos participantes e responsables que confirmen a súa asistencia.

Art. 11.- Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE ou, de ser o caso segundo o regulamento IAAF.

Art. 12.- Circuito.

